


ROBOTICA

MUSICAL



MANUAL DE USO

Xoán-Xil López

Esta proposta didáctica está pensada para desenvolver proxectos artísticos baseados na creación sonora fundamentados no uso da tecnoloxía e as posibilidades expresivas da robótica.

Os contidos están organizados principalmente arredor de **titoriais sinxelos e progresivos** nos que se explican os coñecementos necesario para o deseño e desenvolvemento de robots musicais partindo da experimentación, individual ou en grupo, tratando de fomentar o **intercambio de coñecementos** entre os que o desenvolvedes, así como entre as diferentes disciplinas de coñecemento. Ao mesmo tempo quere fomentar a, cada vez máis necesaria e pertinente, **colaboración entre os diferentes Departamentos**.

Os materiais que atoparás, alén das explicacións textuais, serán imaxes fixas e animadas que ilustran os procesos, vídeos con exemplos, cuestionarios e programas xa creados en *Pure Data* listos para utilizar coa finalidade de que poidas empezar a traballar se queres facer probas sen ter que programar ti os diferentes sistemas.

Se ben a parte tecnolóxica ten bastante peso, tratouse de simplificar todo ao máximo para que se poda **traballar sen necesidade de coñecementos previos**, aínda que sempre é recomendable que realices as prácticas baixo a supervisión e apoio do profesorado.

Así mesmo, a proposta quere fomentar a **relación crítica** cos medios tecnolóxicos nos procesos creativos, polo que propón un contexto histórico/cultural inicial sobre a relación entre os autómatas e as posibilidades da robótica na creación musical partindo dun enfoque lúdico.

Se ben isto non é imprescindible para facer a parte práctica penso que ten un especial interese como **material de reflexión, debate e traballo**.

Pola **flexibilidade dos recursos**, poden utilizarse en calquera curso da **ESO** e **Bacharelato**.